

SOLICITUDE DE ENTRADA DE NOVAS PERSOAS SOCIAS (PERSONA FÍSICA)

**Unha vez cuberto e asinado o formulario envíao a
asociacionamessolar@gmail.com**

En _____, sendo as : _____ horas do día de _____ de _____, D/Dª.

EXPÓN

Que, mediante o presente escrito, manifiesta a súa vontade de ser admitido como persoa socia tipo “de número” (seguindo o criterio da súa incorporación) na ASOCIACIÓN AMES SOLAR, declarando coñecer e comprometerse a respectar os dereitos e obrigas derivadas da súa condición de persoa socia (establecidas nos Estatutos da Asociación), así como comprometerse a obrar en prol do cumprimento dos fins para os que a asociación foi constituída.

Que, acredita o cumprimento dos requisitos previstos para ser admitido como persoa socia da devandita Asociación, establecidos nos seus Estatutos, mediante a achega dos seguintes datos:

- Nome e apelidos:
- DNI/NIE:
- Dirección
 - Tipo (Rúa/Avenida/Lugar/Praza...):
 - Nome da vía:
 - Número: Bloque: Andar: Porta: *(cubrir o que aplique)*
 - Parroquia:
 - Código Postal:
 - Concello:
 - Provincia:
- Teléfono:
- Correo electrónico:
- Nacionalidade:

☐ Menores de idade entre 14 e 18 anos *(marcar se aplica)*.

Apórtase o consentimento expreso das persoas representantes legais (P. ex: pais ou tutores)

SOLICITA

Á Xunta Directiva que admita esta solicitude e acorde a correspondente alta no rexistro de persoas socias da entidade.

A ASOCIACIÓN AMES SOLAR usará os seus datos coas seguintes finalidades:

- Verificación e validación da información/documentación presentada para a incorporación como membro da Asociación.
- Actualización e mantemento do libro de rexistro das persoas socias.
- Comunicación coas persoas socias:
 - Envío de información relevante sobre as actividades levadas a cabo pola asociación , incluíndo convocatorias de Asembleas, reunións da Xunta Directiva, grupos de traballo ou comisións.
 - Difusión de boletíns, informes, actas ou outras comunicacións internas ou externas relacionadas cos fins da Asociación.
 - Xestión de listas de distribución e canles de comunicación dixital (correo electrónico, plataformas colaborativas, mensaxería, etc.).
- Outras relativas o desenvolvemento dos fins da asociación (cando as persoas socias faciliten datos adicionais os presentes nesta solicitude)
- Tramitación de axudas, subvencións ou incentivos públicos vinculados ao desenvolvemento dalgún dos fins da ASOCIACIÓN AMES SOLAR (Tras acordo da Asamblea Xeral)

Información de Protección de datos

De acordo co establecido na normativa de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais), informámoslle de que os datos obxecto desta solicitude serán tratados pola ASOCIACIÓN AMES SOLAR coas finalidades antes expresadas.

O tratamento dos devanditos datos está baseado non consentimento da persoa socia. A información prestada nesta autorización non se cederá a terceiros, agás nos casos legalmente establecidos ou cando a ASOCIACIÓN AMES SOLAR estableza con terceiros (que precisen acceder aos datos para levar a cabo as finalidades descritas) un Acordo para o encargo de tratamento de datos, que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva, baixo as garantías esixidas pola normativa vixente.

Os datos prestados conservaranse e utilizarán para as finalidades mencionadas mentres a persoa sexa socia da asociación e, posteriormente, durante o tempo de 5 anos.

Lembrámoslle que ten dereito en calquera momento para acceder, rectificar, solicitar a supresión dos seus datos, así como opoñerse ao tratamento dos mesmos e a retirar o seu consentimento, en calquera momento, na forma e coas limitacións previstas na lei, solicitar a limitación do tratamento ou a portabilidade dos datos, dirixíndose por escrito á ASOCIACIÓN AMES SOLAR (asociacionamessolar@gmail.com)

Infórmase especialmente de que a autorización que se solicita é estritamente voluntaria e de que a Asociación non toma decisións automatizadas sobre as persoas socias. Non se realizarán transferencias internacionais dos seus datos. Lembrámoslles o seu dereito para prestar unha reclamación ante a axencia de protección de datos no caso de que consideren que se vulnerou algún dos seus dereitos baixo as vixentes disposicións legais.

Sinatura: